



Nova Escola Galega

OPINA

Maio de 2019

ELECCIÓN MUNICIPAL 2019

PROPOSTAS PARA A ACCIÓN POLÍTICA MUNICIPAL NO ÁMBITO EDUCATIVO

NEG ofrece neste documento un conxunto de liñas de acción, coa pretensión de que poidan ser consideradas polas organizacións políticas que concorren ás vindeiras eleccións municipais no desenvolvemento dos seus programas e actuacións.

A educación e a formación sociocultural das novas xeracións, en particular, mais tamén a formación de todos os cidadáns, ten nos centros educativos de todos os niveis e etapas esteos de fundamental importancia que é preciso coidar e potenciar como asunto público central. Porén, non é menos certo que a educación e a formación están profundamente interconectadas coas súas contornas. Velaí a importancia das actuacións emprendidas desde as administracións locais a prol de contribuíren ao desenvolvemento educativo e cívico, mediante iniciativas, programas, recursos e servizos necesariamente complementarios dos habituais centros de educación.

Desde a perspectiva de construír concellos ao servizo das persoas, a educación, nun senso amplo, debería ser considerada como un dos eixes centrais da acción política municipal, asumindo desde a súa acción, o compromiso de desenvolver a potencialidade educadora que se concentra nos espazos locais, consonte cunha visión universalizadora do feito educativo.

A Administración local, máis alá do debate sobre o seu tamaño e a súa racionalización, debe converterse no principal axente público inmediato na consecución deste obxectivo, apostando por un contorno social que contribúa activamente á educación, afastándose da acomodación da acción municipal ás mínimas competencias que en materia educativa lle son "propias" e superando os modelos de simple oferta de servizos, sen por iso deixar de ser esixente no cumprimento e xestión destas "competencias propias" e das tarefas que por isto se deben levar a cabo. Cómprelle a unha acción municipi-



pal de esixencia democrática promover e demandar un traballo de concertación coas outras Administracións e impulsar un traballo en rede coa cidadanía.

A filosofía desde a que se formulan estas propostas, que se veu construíndo no Estado desde finais dos anos setenta a través de múltiples experiencias de acción municipal democrática, está ademais asociada ao desenvolvemento da *Carta de Cidades Educadoras* e toma en consideración algunhas das ideas expresadas por F. Tonucci na súa obra *A cidade dos nenos*, como un novo xeito de pensar a cidade.

Unha filosofía da que se poden desprender, cando menos, cinco ideas-forza acompañadas de posibles medidas ou iniciativas a tomar, coa pretensión de

3. Planificación dos servizos á comunidade en materia educativa.

Desde unha perspectiva de apoio á rede pública de centros escolares e cunha cobertura de equipamentos descentralizada que tamén lles atenda ás necesidades da poboación nos núcleos rurais e espazos de transición, baixo a premisa de construírmos contornos cívicos integrados e integradores.

☞ Elaboración e publicación de oportunos mapas escolares e guías de servizos e recursos educativos de distinto tipo, co obxecto de dispoñermos de instrumentos de detección de necesidades ou de recursos que permitan anticipar solucións a través da identificación das accións e que posibiliten o acceso ao conxunto dos servizos educativos baixo criterios de igualdade de oportunidades e de accesibilidade.


☞ Atención prioritaria aos equipamentos e servizos de responsabilidade municipal e aos servizos complementarios aos centros escolares, como comedores escolares e actividades extraescolares. Especial esixencia e seguimento destes servizos conforme a criterios de calidade: proxecto pedagóxico que os sustenta, profesionais de referencia que os atenden, espazos nos que se desenvolven etc.

☞ Programas de atención educativa en períodos non lectivos, que axuden á conciliación da vida familiar e laboral, e sexan respectuosos coas necesidades da infancia nas súas distintas etapas, para o que convén analizar os tempos e intereses da infancia á luz do seu propio relato.

☞ Desenvolvemento dunha rede de iniciativas e recursos socioeducativos sustentable (bibliotecas, ludotecas, centros medioambientais, museos etc.), que desenvolva accións de xeito coordinado e poña en valor a corresponsabilización cidadá no marco dun concello que se recoñece como educador.

☞ Posta en marcha de accións encamiñadas a desenvolver unha política de comunicación que asegure a accesibilidade da información a toda a cidadanía, facilitando o acceso ás tecnoloxías da información e da comunicación a aquelas persoas e colectivos en risco de exclusión e desenvolvendo iniciativas formativas encamiñadas á adquisición de competencias dixitais por parte da poboación.

Neste ámbito, convén ter en conta as circunstancias que afectan singularmente á poboación rural e á que vive en espazos de transición, así como a necesidade de que a Administración local desenvolva de manei-



ra proactiva unha interlocución constante con outras Administracións, singularmente coa Consellería de Educación.

4. Compromiso coa lingua, co patrimonio e coa cultura galega.

Visible de maneira transversal na acción política municipal, como un dos principais activos da potencialidade educadora do concello no seu conxunto.

☞ Elaboración/actualización dun plan de normalización lingüística orientado á procura de avances sustentados na participación e o compromiso desde diferentes ámbitos da comunidade.

☞ Vinculación estratéxica das accións do SNL do concello cos Equipos de NL dos centros de ensino e do tecido asociativo.

☞ Impulso a accións normalizadoras nos ámbitos produtivo-comercial, dos servizos e das empresas.

5. Aposta por unha educación inserida no territorio.

Que procure a descuberta e o coñecemento do concello, para vincular as persoas, colectivos e institucións nun compromiso activo co seu desenvolvemento, tanto económico como social.

☞ Esta preocupación precisa da implicación do profesorado presente na contorna; o currículo das distin-



tas áreas e materias de formación debe alimentarse das oportunidades, recursos, problemáticas e inxerencias, interrogantes, diversidade e riqueza sociocultural e lingüística que ofrece o medio circundante, e por iso cómpre xerar o espazo de diálogo e de construción acaído entre a/s comunidade/s presentes no territorio e as instancias da administración local actuantes... co horizonte de poder deseñar diversos elementos e procesos básicos do que poida ser un "proxecto educativo global do territorio".

- ☞ Apoio a iniciativas interxeracionais de recuperación da memoria local.

- ☞ Desenvolvemento de accións educativo-culturais de maneira descentralizada, tendo en conta, en particular, que as zonas rurais deben contar con equipamentos de proximidade para acollerer iniciativas de maneira sistemática.

- ☞ Apoio a iniciativas de coñecemento e protección do patrimonio natural e cultural: sinalizacións, itinerarios, recursos didácticos para a súa divulgación, percorridos escolares da casa ao colexio, actividades de recuperación do patrimonio orientadas ao público en xeral e aos centros educativos.

- ☞ Atención aos intereses e ideas da infancia e da mocidade para incorporar iniciativas que lles permitan vivir o territorio consonte coas súas propias visións.

- ☞ Favorecer sinerxías entre o desenvolvemento educativo e a promoción de resortes que potencien o desenvolvemento económico-social local, considerando todo tipo de interconexións, mesmo as que se poidan dar nos espazos socioculturais coas terras e culturas veciñas das galegas.

- ☞ Atender as situacións de interculturalidade que se poidan dar no territorio debido á presenza de sectores de poboación inmigrante, procurando crear os estímulos e accións que favorezan a inclusión e unha integración cultural bidireccional e colectivamente enriquecedora.

- ☞ Tendo presente a urxencia de coidar ambientalmente o territorio e sendo conscientes de que é necesario actuar localmente ante problemáticas de alcance global, promover actuacións esixentes de sensibilización social que permitan adoptar medidas novidosas favorables ao equilibrio ambiental.

Secretariado Nacional de Nova Escola Galega
Galicia, maio de 2019.

